+RÍAS

# Aprendendo a coidar o mar



Cofinanciado por la Unión Europea

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Fondos Europeos

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Pleamar

Deputación Pontevedra

# Aprendendo a coidar o mar

ADMINISTRACIÓN PROMOTORA:
Deputación de Pontevedra

GUIÓN:
Babadiva Ambiental

ILUSTRACIÓNS:
Pablo Álvarez Rosendo

DESEÑO E MAQUETAXE:
Ecoplanin, Xestión e Información Ambiental

O Proxecto "+Rías", da Deputación de Pontevedra, ten como obxectivo dar a coñecer a importancia da sostibilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor da economía azul na contorna da Rede Natura 2000.

Este proxecto desenvólvese coa colaboración da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa "Pleamar", e está cofinanciado pola Unión Europea a través do FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura).

Cofinanciado por la Unión Europea
Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación
Fondos Europeos
Gobierno de España · Vicepresidencia Tercera del Gobierno · Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
Fundación Biodiversidad
Pleamar
Deputación Pontevedra

Nunha pequena localidade das Rías Baixas vivían un mariñeiro chamado Don Rulo e unha mariscadora moi sabia chamada Dona Maruxía. Ambos eran amigos inseparables e compartían un grande amor polo mar.



Un día, mentres paseaban pola praia, atopáronse con dous nenos curiosos: Lucas e Valentina.

—Ola, pequenos! —saudou Don Rulo cun sorriso—. Que facedes aquí?



—Ola! —responderon Lucas e Valentina ao unísono—. Estamos a xogar coa area.

Dona Maruxía agachouse, escarvou na area e mostroulles unha fermosa ameixa:

—Preséntovos a miña amiga Clara.



E a continuación díxolles:

—Sabedes que o mar, ademais de ser o fogar de milleiros de seres vivos coma Clara, ofrécenos moitas cousas marabillosas? —preguntou con entusiasmo—. Vide, e cóntovos!

Os nenos achegáronse, intrigados. Dona Maruxía comezou a explicarlles:

—O océano é coma un grande amigo que debemos coidar, pois nos provė de osíxeno para respirar, captura o dióxido de carbono que producimos e proporciónanos alimentos deliciosos. Ademais, é un magnífico lugar para pasear,

descansar, ler ou xogar no tempo de lecer.

Don Rulo asentiu e engadiu:

—Así é, amigos. Eu son pescador artesanal e desta maneira axudo a coidar o mar.



Os pescadores artesanais sempre deixamos que os peixes máis pequenos crezan, e para iso usamos artes de pesca sostibles. Así, o océano pode seguir dándonos os seus tesouros, isto é algo que me ensinou o meu pai, e tamén o meu vello amigo Octavio, un polbo moi sabio. O mar é un lugar cheo de vida que debemos coidar.

Lucas, cos ollos brillantes, preguntou: —E como se pode coidar?

—Boa pregunta! —exclamou Dona Maruxía— podemos axudar de moitas maneiras. Por exemplo, separando os nosos

residuos para que se poidan reciclar, participando en actividades de recollida de lixos mariños, reducindo o consumo de plásticos, respectando a vida mariña, ou apoiando os espazos naturais mariños protexidos.



Sabiades que existen lugares de protección dos océanos chamados Rede Natura 2000?

Son enclaves moi especiais que aseguran que os nosos océanos sigan sans e cheos de vida, e nas Rías Baixas temos varios.

Valentina, emocionada, dixo:

—Podemos contarllo aos nosos amigos?



—Claro —respondeu Don Rulo—. Cantos máis sexamos máis coidados lle proporcionaremos ao mar.

Os nenos miráronse e sorriron. Decidiron que farían un club de protección do mar na súa escola, onde aprenderían sobre os beneficios do océano e as boas accións para conservalo.



E así, Don Rulo e Dona Maruxía, cada vez que se atopaban con Lucas e Valentina, contábanlles máis historias de Clara e Octavio, e de todos os habitantes dos mares, da pesca e do marisqueo sostibles e do coidado e o amor que lles debemos ter aos mares.



Aos poucos os nenos convertéronse en pequenos gardiáns do mar, compartindo o seu coñecemento e coidando as súas Rías Baixas.





# +RÍAS

Este proxecto desenvólvese coa colaboración da Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Programa "Pleamar", e está cofinanciado pola Unión Europea a través do FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura).

Cofinanciado por la Unión Europea
Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación
Fondos Europeos
Gobierno de España
Vicepresidencia Tercera del Gobierno
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
Fundación Biodiversidad
Pleamar
Deputación Pontevedra